

'LETRA E' Marilar Aleixandre, que recibirá o sábado en Compostela a homenaxe 'A Escritora na súa Terra' cre que "a sociedade non aprecia suficientemente ler no idioma propio"

Á sombra do abruñeiro

"Hai xente á que lle resulta extraordinario mercar un libro en galego", asegura

Vanesa Oliveira: Santiago

O abruñeiro é unha árbore venturera, que vive libre no monte, e que, dalgún xeito, representa a liberdade da escrita". Marilar Aleixandre buscou en moitos viveros até atopar a árbore que elixiu para plantar o sábado en Compostela, na homenaxe *A Escritora na súa Terra* da Asociación de Escritores en Língua Galega, que tamén lle farán entrega da 'Letra E'.

Recibir este recoñecemento dos seus compañeiros supónlle á autora de *Catálogo de venenos* "unha alegria moi grande" xa que "é un cariño que vén dos propios escritores e esas son das cousas que más gustan". De aí que a elección da árbore que plantará este sábado teña moito que ver co que significa a escrita para ela: "o abruñeiro non medra moi máis camin, e como unha boa novela, ten de todo: dátroitos, ten espínas e flores preciosas. É unha imaxe efémera, que dura pouco, pero esas son as cousas que nos gustan, non?", dí a autora, que acaba de publicar en Xerais a novela *A Cabeza de Medusa* (Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil).

Galardoada con premios como o da Crítica galega, o Esquílo, o Xerais, ou o Álvaro Cunqueiro, esta profesora de Didáctica de Ciencias y Educación Ambiental na Universidade de Santiago de Compostela é tamén unha das autoras galegas máis traducidas ao castelán. "A capacidade de conectar co lector é difícil de saber cando comezas a escribir –indica-. En *A Cabeza de Medusa* creo que consegui que o lector se identificase cos protagonistas. Chamoume a atención que varias persoas me comentasen que os rapaces que son os



Marilar Aleixandre é profesora na Universidade de Compostela

OS IDEAS

"As causas perdidas merecen a pena"

Marilar Aleixandre confésase unha grande viaxeira namorada de continentes como Asia ou Latinoamérica. Ainda que recoñece que o da lectura é o mellor traxecto "As viaxes más fermosas que facemos son cun libro entre as mans. As selvas fascinanme. Eu sempre imaginei como deberían ser o Amazonas até que o vi. A literatura permiteños meternos dentro doutras persoas. Somos moi afortunados os que nos gusta ler porque lumes acceso a outros mundos", afirma Na presentación da súa homenaxe,

Ana Romaní di que a escritora "escribe cartografías da vida cunha lingua particular e a paixón polas causas perdidas". Concorda a autora en que "temos que loitar polo que creamos, ainda que non o podamos conseguir; ainda que se perda, merece a pena esa batalla". Pon como exemplo a loita pola igualdade das mulleres. "Esas ideas que nin os partidos de esquerda aceptaban, triunfaron no século XX grazas a mulleres que mesmo morreron defendendo a causa. Se non, onde quedaría a nosa dignidade?"

namorados das protagonistas, que son violadas, son demasiado bos. Eu creo que existen rapaces como ese. Esa é o fondo do libro: a importancia dos lazos da amizade para superar a vergüenza".

A autora critica que dende os medios de comunicación ou as propias libreras se les dea maior visibilidade a bestsellers ou "libros de persoas famosas" cun "impacto mediático enorme" fronte á edición más periférica e que non conta coa maquinaria do marketing como é o caso da galega.

É máis, ao seu ver, o libro escrito na lingua do país "ten problemas dentro de Galicia" xa que "ocupa unha posición subordinada fronte ao libro escrito en castelán". En moitas libreras nin sequera aparece nos escaparates -afirma-. Medidas como a eliminación da obligatoriedad das bibliotecas públicas de mercar o 50% dos libros en galego prexudican o libro galego. O argumento de que hai que ter máis espazo para mercar libros en inglés ou outros idiomas non é de recibo. A isto engádese que hai xente, a que foi educada antes de aprender galego nas aulas, á que lle resulta extraordinario mercar un libro en galego."

O problema, pois, resume a escritora, devén das prexuízos fomentados "dende os medios, as administracións e a propia sociedade que non aprecia suficientemente ler no idioma propio".

O ano pasado, a Asociación de Tradutores Galegos recoñeceu o seu traballo verquendo ao galego a autores como Lewis Carroll ou Sylvia Plath. "Nos últimos dez anos, a tradución foise normalizando. Por primeira vez, publicáñse libros no mesmo momento que aparecen en inglés ou francés, cando antes tardaban anos en aparecer", apunta. "A tradución de autores galegos fóra, salvo casos excepcionais, é recente. Destaca, sobre todo, a calidade da literatura infantil e xuvenil galega". •

A HOMENAXE

Ana Romaní lerá a súa 'laudatio'

A homenaxe *A Escritora na súa Terra*, comezará ás 11:45 horas na Avenida de Barcelona, en Compostela, coa plantación dun abruñeiro e o descubrimento dun monólito conmemorativo, un acto no que intervirán o presidente da AELG, Cesareo Sánchez, a secretaria xeral da asociación, Mercedes Queixas e o alcalde de Santiago, Xosé S. Bugallo. A partir das 13:00 horas, o Salón Nobre do Pazo de Raxoi acollerá a entrega da 'Letra E' –unha peza escultórica do artista Silverio Rivas– a Marilar Aleixandre, sobre a que Ana Romaní lerá unha *laudatio*. A homenaxe rematará ás 14:30 horas no restaurante do hotel Palacio del Carmen cun xantar de confraternidade.

Irlanda traduce as poetas galegas

A semana pasada, o instituto Cervantes de Dublin presentou unha antoloxía que recolle os versos de dez poetas galegas, entre elas, Marilar Aleixandre, traducidas por escritoras irlandesas. *To the Winds Our Sails (Nosas Velas ao Vento)*, coordinada pola poeta irlandesa Mary O'Donnell e a galega Manuela Palacios, a obra achégase a Luiz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, Chus Pato, Marilar Aleixandre, Ana Romaní, Xiana Arias, María Lado, Luz Pichel e María do Cebreiro. Mentre que as poetas irlandesas que as traduciron son Nuala Ni Dhomhnaill, Dr Maurice Harmon, Padly Bushe, Caitriona O'Reilly e Catherine Phil McCarthy.